



Lisboeta de nascimento, **Ana Luísa Amaral** trasladouse sendo nena para o contorno do Porto de xeito definitivo. Na súa universidade se formou –cunha tese de doutoramento arredor de Emily Dickinson– e na mesma continúa a investigar e dar aulas.

Entre a súa intensa actividade investigadora, cómpre salientar a publicación –canda Ana G. Macedo– do *Dicionário de Crítica Feminista* (2005), a coordinación da edición anotada de *Novas Cartas Portuguesas* (2010) e tamén, actualmente, a das *Novas Cartas Portuguesas 40 anos depois*, integrando trece equipos internacionais en máis de dez países. Iso a carón da edición de douscentos poemas de Emily Dickinson e de dous libros de ensaios que ten en preparación.

É autora de máis de dúas decenas de libros, tanto de prosa como de teatro, literatura infantil e poesía. Dentro dos últimos, ao inicial *Minha Senhora de Quê* (1990) seguíronlle, entre outros, *Coisas de Partir* (1993), *Às Vezes o Paraíso* (1998), *Imagens* (2000), *Imagias* (2002), *A Gênese do Amor* (2005), *Entre dois rios e outras noites* (2007), *Inversos, Poesia 1990-2010* (2010), *Vozes* (2011) ou o máis recente, *Escuro* (2014), á espera de que saia do prelo *O som que os versos fazem ao abrir*. A parte de ter traducido ela mesma a autores de expresión inglesa como Emily Dickinson ou John Updike, os seus propios libros están traducidos e editados en varios países, caso de Brasil, Francia, Suecia, Holanda, Venezuela, Italia, Colombia e, proximamente, Alemaña, Arxentina e México. No Reino Unido espérase tamén un volume de ensaios sobre a súa obra e outra antoloxía poética. Ademais, versos seus ou textos infantís deron espectáculos teatrais ou lecturas dramatizadas. Amaral obtivo premios entre os que salientan o Correntes d'Escritas, o Premio di Poesia Giuseppe Acerbi, o Premio PEN de Narrativa ou o Grande Prémio de Poesia da Associação Portuguesa de Escritores.

AS DISJUNÇÕES PERFEITAS

*O homem que dizem na minha rua
ter ligeira disfunção mental
disse-me hoje de manhã “bom dia”,
com um sorriso rasgado de malmequer,
ou papoila fresca, ou plátano fresco
(ou qualquer coisa bela de mundo vegetal)*

*E, como eu comentava sobre o dia
(azul, de primavera), acrescentou:
“Deus é assim. É pródigo”*

*ah! infinito tudo, admirável mundo
que, enfim,
de lado a lado se ilumina:
de som, de fino pólen, de tão puro
neurónio
em disjunção divina*



(ANA LUÍSA
AMARAL)

Luns 9 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Marta Dacosta





A viguesa **Marta Dacosta** trasladouse á Universidade de Santiago de Compostela para licenciarse en Filoloxía galego-portuguesa. Corría a década dos 90 e comezaba tamén a súa andaina nas letras: *Crear o mar en Compostela*, *Pel de ameixa* e *Setembro* publicábanse en 1994, 1996 e 1998 respectivamente, facendo que a crítica adoite encadrara na “Xeración dos 90”. A obra literaria –fundamentalmente poética– de Dacosta engadiu outros tres títulos na década seguinte: *En atalaia alerta* (2000), *As Amantes de Hamlet* (2003) e *Cinza* (2009), e outros tantos no que levamos desta: *Acuática alma* (2011), *Argola* (2013) e *Dun lago escuro* (2014). Ditas obras valéronlle galardóns coma o Miguel González Garcés da Deputación da Coruña en 1995, o Martín Códax en 1998, O Figurante en 2013 e o Johán Carballeira 2013, entre outros.

Amáis diso, a súa obra fai parte de varias publicacións colectivas impulsadas por diversas causas (por Palestina, en denuncia do Prestige ou contra a violencia de xénero) e tamén aparece representada nun bo número de antoloxías que viron a luz en Galicia, en Cataluña, en Rusia ou en Venezuela, tanto coma en plataformas dixitais españolas ou mesmo americanas. En relación con iso, poemas da súa autoría foron vertidos ao castelán, catalán, ruso e inglés. Do mesmo xeito, Marta Dacosta ofreceu mostras do seu traballo poético en encontros literarios celebrados en Brasil, Cuba ou Irlanda.

Traballando como docente de ensino medio no sur de Galicia, onde reside dende hai anos, tamén colabora como articulista con diversos medios de comunicación escrita, e publica estudos sobre a obra de diferentes poetas galegos. Alén diso, a súa pescuda e reflexión téñense centrado na sintaxe do galego medieval e, máis recentemente, no papel da muller escritora, na súa propia xeración ou na significación do mar na poesía galega.

*DA TRIBO das sereas eu son,
e trouxéronme os ollos do mar,
e escamas brillantes
con que adorno esta pel de sal.
Da tribo das sereas,
das mulleres que berran o peixe eu son,
das que afunden as mans no xeo do amencer.
Das mulleres que alisten palangres eu son,
das que reparan e constrúen as redes
como unha firme laxe para soste o mundo.
Das mulleres que aman eu son
e con ese mesmo amor reparto a miña angueira,
como ela, pequena e enloitada,
fulcro da miña estirpe,
a que rachou as liñas que marcaban
a teimosa historia do seu mundo.*

← (MARTA DACOSTA)

Luns 9 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Ana Luísa Amaral

